



ESTATUTO DE NACIÓN PARA GALIZA

Despois de 23 anos de vixencia do actual Estatuto de Autonomía Galiza debería ter avanzado máis; pola contra, e debido á pasividade da Xunta e ás estreiteces do estatuto, o noso país segue a estar á cola do Estado Español en desenvolvemento económico e social. No BNG entendemos que é o momento de dar un paso adiante, sendo ambiciosos e apostando a un tempo por un cambio político na Xunta de Galiza e un cambio legislativo nas normas polas que nos reximos.

Os que nos gobernan en Compostela e en Madrid, uns e outros, consideran a nosa nación como unha finca particular na que recoller votos cando chegan as eleccións, sen preocuparse polas nosas necesidades e sen adoptar as medidas precisas para que a nosa situación de marxinación remate.

Precisamos dun novo status político, baseado na libre decisión dos galegos e galegas, para que de verdade gobernemos nós sobre os asuntos que nos interesan. Por iso o BNG presenta á sociedade as **“Bases para un novo Estatuto Nacional”**. Con elas queremos abrir un amplo debate político na sociedade sobre o que precisamos para disfrutar dunha maior liberdade e dun maior benestar. Estas bases non as concebimos como un documento pechado, teñen que completarse coas opinións e propostas que xurdan do contacto directo coa cidadanía, nos actos públicos e reunións que estamos a realizar ao longo de todo o país.

Entendemos que Galiza posee recursos materiais e humanos para avanzar nos próximos anos, pero para que o avance se produza precisamos de termos capacidade política plena. Confiamos en que da intelixencia colectiva da sociedade galega saian as decisións que nos permitan construír un futuro colectivo de maior desenvolvemento económico e social.

“ Un novo estatuto para Galiza ”

CHARLA INFORMATIVA

Venres, 12, ás 20,30 horas

No Auditorio da Casa do Concello de CAMBADOS.

Falará:

Francisco Trigo Durán

(deputado no Parlamento de Galiza)

No que vai de ano máis de 100 mulleres morreron vítimas dos malos tratos a mans de homes no Estado Español, sendo na Galiza 5 as mulleres asasinadas e máis de 2200 as denuncias presentadas.

Diante desta grave situación, que afecta a mulleres de toda idade e condición social, desde o BNG consideramos que segue a ser necesario dar un toque de atención nas consciencias de todos e todas aproveitando a data do 25 de novembro “Día da Non Violencia Contra as Mulleres”.

Sendo o máis grave e chamativo os asasinatos ou agresións físicas e síquicas, debemos lembrar que esta lacra social non é explicábel se non se ten en conta que as mulleres seguen a ter un papel subsidiario do home na nosa sociedade. A precariedade laboral, o desemprego, a falla de servizos sociais básicos, os déficits educacionais e a influencia de institucións, algunhas delas milenarias, que “predican” o sometemento da muller, son realidades contra as que debemos loitar si de verdade queremos que a sociedade cambie. Para elo precisamos decisións políticas que poñan os medios económicos, formativos e personais que permitan camiñar á nosa sociedade cara a eliminación desta lacra social.

De non facelo así, todas as preocupacións e declaracións de condena dos nosos gobernantes, posteriores ao asasinato ou agresión a unha muller, non deixarán de ser xestos hipócritas cos que tentar lavar as consciencias de aqueles que poden tomar medidas e non o fan.

Máis información do BNG:

www.bng-galiza.org/osalnes

E-mail: salnes@bng-galiza.org

BNG-Cambados, Rúa Borrón, 2



BLOQUE

Boletín informativo



Cambados, novembro 2004, Nº 20

¿Por que se vende o patrimonio municipal?



O PP repite o erro histórico da corporación municipal que nos anos 40, en plena dictadura franquista e, por suposto, sen oposición de ningún tipo, vendeu importantes extensións de terreo público nas parroquias de Castrelo e Corvillón, tamén coa idea de sanear a economía municipal. Pero hoxe estamos noutros tempos. Podemos opoñernos, e opoñémonos. O BNG iniciou unha campaña de información entre toda a poboación cambadesa, presentou recurso de anulación do acordo por non tramitarse legalmente, e está disposto a emprender calquera outra acción que evite o desmantelamento do patrimonio municipal.

O goberno municipal de Cambados, cun desprezo total ao noso pasado histórico e ao noso patrimonio, ao que é de todos; tomou o acordo, no pleno do pasado 1 de outubro, de poñer en venda os terreos do vello campo de fútbol de A Mercede. O BNG, e gran parte da opinión pública cambadesa, está totalmente en contra de que estes terreos deixen de ser patrimonio municipal e de que sexan obxecto dunha especulación urbanística.

Os terreos de A Mercede foron doados nos anos 30 ao pobo de Cambados, a traveso da Igrexa, para o seu disfrute deportivo. Nos anos 60 foron adquiridos polo Concello, coa mesma finalidade. Durante máis de 70 anos os veciños de Cambados disfrutaron do seu uso público. ¿Por que motivo agora van pasar a mans privadas? ¿A que intereses responde esta operación?

O alcalde dixo que era para investir en obras, pero nese pleno negouse a presentar un plan deses investimentos. ¿Cómo se lle pode pedir a uns concelleiros que apoiem a venda dun ben do patrimonio municipal, sen saber en que se vai investir o seu importe?

E non se presentou ese plan de investimentos, porque detrás da venda dos terreos de A Mercede está a intención do goberno municipal de facer fronte á importante débeda municipal (uns 6.000.000 €, equivalentes a mil millóns das vellas pesetas); unha débeda acumulada polo despilfarro e a mala xestión do PP de Cambados.

Dep Legal PO 200-97

Impreso postal sen enderezo



A SUBA DAS TAXAS

A taxa do lixo

O Goberno Municipal de Cores Tourís e do Partido Popular durante os anos 2.000 a 2.004 cobrou dos cambadeses e cambadesas os recibos do lixo. Pero cos cartos cobrados non pagou, durante eses catro anos a Sogama, ata acumular unha débeda superior aos 500.000 euros (arredor dos 90 millóns das antigas pesetas).

¿En que gastou o Goberno Municipal do Partido Popular e Cores Tourís eses 500.000 euros?

Agora o Concello de Cambados renegociou esa débeda con Sogama, para pagala durante os próximos seis anos. Darase a circunstancia de que no ano 2.010 o Concello de Cambados estará pagando polo tratamento do lixo do ano 2.000, que os veciños xa pagaran nese ano dentro do prazo establecido. Pero agora os veciños pagarán un sobre custe, por esta demora e a renegociación da débeda que tivo que facer o Goberno Municipal.

Aumenta o prezo da recollida e tratamento do lixo, pero non mellora o servizo. A entrada en Sogama foi defendida polo PP como un sistema barato, que co paso do tempo aínda se abarataría máis. A realidade é ben distinta, co paso do tempo o servizo sállele cada vez máis caro aos veciños.

Ordenanza do Imposto sobre Bens Inmóveis.

O BNG dentro dos marcos que permite a Lei presentou unha enmenda para que o Concello aplicase unha **bonificación do 50 % para os inmobles situados no ámbito do Conxunto Histórico Artístico** de Cambados, co obxecto de potenciar o mantemento e coidado destas

casas e todo o Conxunto Histórico. O goberno do PP rexeitou esta iniciativa.

Imposto sobre vehículos

O BNG opúxose ao incremento da suba do imposto desta taxa nun 15 %, argumentando que non acepta esta suba xa que o Goberno Municipal non ten unha política de tráfico correcta, onde hai falta de aparcamentos e necesidades de mellora nos viais. Polo que esta suba non deixa de ser un castigo aos cidadáns.

Imposto sobre construcións e obras

O BNG propuxo unha redución para favorecer o acceso á vivenda dos veciños con menos posibles económicos e dos máis mozoas e mozas. Propuxo un 50 % de redución do imposto de construción para as vivendas de protección

autonómica, e do 75 % para vivendas de protección oficial e vivendas de aluguer, por entender que hai marxe para facer estas reducións.

O goberno do Pp tamén rexeitou este iniciativa.

Actualización de diversas taxas (piscina, quioscos, vados...)

O BNG estaría a favor da actualización da taxas municipais en función do incremento do IPC. Pero entende que o Goberno Municipal do PP está aplicando un incremento superior ao IPC, con subas do 3,3 %, aplicando un IPC interanual de agosto a agosto, e non non un IPC de decembro a decembro que é o normal que se aplica, por exemplo, para a suba de salarios acollidos a convenios colectivos. Esta suba do 3,3 % que aplica o PP significa un incremento superior ao 7% por riba do IPC .

	1999 (año 99) (Euros)	2000 (aprob. 98) (Euros)	2003 (aprob.02) (Euros)	2004 (aprob.03) (Euros)	2005 (aprob. 04) (Euros)	Suba 99/05 (%)
Vivendas Urbanas	18,03	30,05	45	60	86	266 %
Vivendas rurais	18,03	22,54	30	40	44	144 %
Supermercados (ata 500 m2)	72,12	300,51	601	801,3	881,4	1122 %
Supermercados (mais 500 m2)	72,12	300,51	901,5	1201,95	1322,15	1733 %
Quioscos, postos xelados	18,03	75,13	112,69	150,25	165,25	817 %
Comercios ata 3 empregados	36,06	75,13	112,7	150,25	165,25	358 %
Comercios máis de 3 empregados	36,06	150,25	225,4	300,5	330,55	817 %
Oficinas en xeral	24,04	75,13	112,69	150,25	165,25	587 %
Tabernas	18,03	150,25	225,4	300,5	330,55	1733 %
Cafeterías	48,08	150,25	300,5	400,65	440,7	817 %
Bares	48,08	150,25	225,4	300,5	330,55	588 %
Restaurantes	48,08	150,25	300,5	400,65	440,7	817 %
Hoteles de 11 a 20 habitacións	60,1	150,25	300,5	400,65	440,7	633 %
Bares-pubs categoría especial	48,08	150,25	600	800	881	1733 %
Perruquerías	24,04	75,13	112,69	150,25	165,25	587 %
Panaderías e confiterías	36,06	150,25	225,38	300,5	330,55	817 %
Ferreterías (250 a 500 m2)	60,1	300,51	601	801,3	881	1367 %
Entidades bancarias	24,04	150,25	300,5	400,65	440,7	1733 %

Este ano, ante a perspectiva dunha baixa no prezo da uva albariña, por mor da abundante colleita que se esperaba, e a súa negativa consecuencia na economía dos viticultores, o BNG presentou mocións en tódolos concellos da comarca do Salnés, para que as corporacións solicitasen da Consellería de Agricultura a convocatoria da Mesa de Prezos, na que se sentasen as partes implicadas, co obxecto de acadar un acordo que de seguro beneficiaría ao sector.

Pois ben, mentres os concellos de Ribadumia, Meis e Meaño (todos eles gobernados polo PP) non tiveron ningún empacho en aprobar a moción presentada polo BNG; en Cambados, que presumimos de capital do albariño, o Sr. Cores Tourís e o seu equipo negáronse sequera a debatila.

O Pazo de Torrado sería o lugar axeitado para este tipo de reunións, de carácter interprofesional, que o encherían de contido.

SEGUEN OS VERTIDOS

A situación do saneamento en Cambados é cada vez máis preocupante. No Boletín Informativo anterior calificábamola de “cero patatero”, e non parece que mellorase moito. A limpeza de tres vertedoiros incontrolados (Monte do Rei, Quintáns-Vilariño e Troviscoso), para a que houbo unha substancial subvención resolveuse, a toda présa e correndo, metendo unha pala que cargou a metade do lixo, e deixou a outra metade ou enterrada no sitio, ou ciscada polas cunetas dos arredores.



Pero onde a situación se agravou máis foi nos vertidos ao mar. Na ponte da Barca, a falla de funcionamento da estación de bombeo fai que as augas residuais da rede xeral de saneamento saian directamente na Xunqueira do Umia, zona de alta protección medioambiental, onde se formou unha charca pestilente que vai medrando de día en día. Asimesmo no Facho a estación decantadora (non depuradora) que alí hai, sen sistema de bombeo á rede xeral, acabou por saturarse, saíndo as augas directamente ao mar, nunha zona de grande riqueza marisqueira.

O BNG ven denunciando dende hai tempo que a rede xeral de saneamento do concello de Cambados, na que se investiron importantes fondos procedentes da UE, a través dos famosos Plans POMAL, foi mal deseñada, mal construída, e conta cun mal mantemento. Levamos tempo demandando que se poñan en funcionamento tódalas estacións de bombeo, e que se amplíe e mellore a depuradora, construíndo outra, se fai falla, en Castrelo. O BNG tamén reclama que por parte dunha empresa neutral se faga unha auditoría medioambiental, co obxecto de propoñer as melloras necesarias.

O APARCAMENTO DA XUVENTUDE

Por terceira vez modificáronse as bases do concurso para este aparcamento. A empresa que está alí construíndo un edificio, ao quedar deserto o anterior concurso, dirixiuse ao concello amosando o seu interese na explotación do aparcamento, pero nunhas determinadas condicións. Así, agora o concello farase cargo do 50% do custe da urbanización da praza sita enriba do aparcamento, que antes era a cargo do concesionario; así como da urbanización do seu entorno, que comprende a rúa Carballeira, chea de fendeduras ocasionadas pola empresa que agora pretende facer o aparcamento. ¡Hai que ver que ben mira o PP polos seus amigos!.

OUTRAS INICIATIVAS DO BNG

Antes do verán o BNG demandou do concello a limpeza do entorno da Torre de San Sadurniño, onde se amoreaba o lixo sen recoller, non había papeleiras e as farolas estaban rotas. Os restos dunha neveira servían coma contedor provisional.

De acordo coa nova normativa legal, que tenta evitar arbitrariedades na concesión de subvencións, o goberno municipal tivo que redactar, e presentar para a súa aprobación en pleno, unha Ordenanza Reguladora de Subvencións. O BNG, co obxecto de mellorar a mesma, presentou unha serie de alegacións, tendentes a unha maior publicidade das convocatorias, a facilitar a tramitación burocrática, ou a que na comisión de valoración estivesen representados tódolos grupos políticos. Como sempre, o PP non aceptou ningunha suxerencia.

Empezou o curso escolar e siguen as deficiencias nos colexios, que motivan as queixas de pais, profesorado e alumnado. O BNG reclamou distintas obras de mellora nos colexios de San Tomé, Corvillón e A. Magariños, e interesouse polas xestións feitas para a ampliación do CEI de A Pastora e da Gardería Municipal.

Solicitude de reparación dos semáforos do alto do Brexo, Avda. de Madrid, Corvillón, Catro Camiños, e doutras atencións na Avda. de Madrid (contedores, pasos de peóns...)

No último pleno do 28-10 o BNG solicitou que, ao final, intervisese unha representación dun grupo de veciños e veciñas de San Tomé, para expoñer a problemática da fonte da Alameda, como así fixeron. Ademais, o BNG presentou un rogo para que se abra unha investigación sobre as causas da secura da fonte, e que o Concello tome as medidas precisas para restablecer o servizo.

Pregunta sobre que xestións se levan feito para mellorar a seguridade vial no tramo da estrada PO-550 en Castrelo, dende a Ponte da Barca ata Coirón (rotondas, beirarrúas, semáforos...)

Solicitude de reserva de aparcamento para pacientes con mobilidade limitada que acuden ao Centro de Saúde.

Petición de que se tomen medidas para mellorar distintos aspectos da Festa do Albariño: limpeza, prezos, información, descentralización e diversificación de actividades, medidas hixiénicas, funcionamento dos postos de comida só nos días de festa, etc.

